ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
FC26036

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Novo marco normativo e ferramentas na inspección ambiental. Formación específica en PRL, art. 19 LPRL

CONVOCATORIA: AUTONOMICO, 1ª convocatoria

GRUPO: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

ÁREA: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	ESPECÍFICO	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/02/2026 - 09:00h ao 25/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Tras os cambios de persoal derivados dos procesos de provisión do persoal das escalas da administración especial compre realizar un novo curso de Inspección Ambiental para a cualificación do persoal inspector e a actualización de coñecementos en relación coa normativa e os procedementos a aplicar na inspección ambiental. Esta formación centrarase principalmente nas actividades de prevención e control integrado da contaminación (IPPC) e no ámbito de residuos, tendo presente os demais contidos establecidos no plan de inspección ambiental vixente.

Os obxectivos do curso son:

- Dar unha formación integral ao persoal de nova incorporación na Inspección Ambiental de Galicia.
- Capacitar para o emprego das ferramentas de traballo utilizadas na Inspección Ambiental de Galicia.
- Dotar dos coñecementos e das habilidades necesarias ao persoal que realiza funcións de inspección ambiental e outro persoal técnico no campo do medio ambiente industrial para exercer as súas funcións adaptándose ás novas esixencias e novidades dentro das competencias da inspección no ámbito ambiental.s dentro das competencias da inspección no ámbito ambiental.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do subgrupo A1 da Administración pública autonómica de Galicia, que realice funcións de inspección ambiental, e persoal técnico superior da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático relacionado coa inspección ambiental.
No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán cubrirse por persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do grupo A1 da Administración pública autonómica de Galicia, que estea en posesión da titulación universitaria en química, bioloxía, enxeñería ou veterinaria e realice funcións relacionadas coa inspección.

PROGRAMA

MÓDULO 1. Normativa ambiental de aplicación. Ámbito IPPC, residuos, verteduras líquidas e atmosfera. Novidades normativas.
MÓDULO 2. Inspección ambiental. Normativa. Planificación. Ferramentas para a inspección ambiental. Cuestións específicas sobre inspección en materia de residuos e de IPPC. Ferramentas de traballo.
MÓDULO 3. Prevención de riscos laborais na inspección ambiental (artigo 19 LPRL)
MÓDULO 4: cuestións específicas en materia de prevención e control integrados da contaminación.
MÓDULO 5: cuestións específicas en materia de residuos. Xestores de residuos. Traslados. Fin de condición de residuo. Entulleiras.
MÓDULO 6. Outras actuacións da inspección ambiental: plan CAMGAL, responsabilidade ambiental, participación en plans de emerxencias.

MODULO 7: Formación específica en PRL, art. 19 LPRL

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 24/03/2026 a 12/05/2026
NUM. PRAZAS: 30	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 12/05/2026 ás 14:00h

DOCENTES NOMEADOS

SILVIA LÓPEZ SÁNCHEZ

LAURA LEÓN OUTES

MARÍA JOSÉ PASANDÍN RODRÍGUEZ

María Valero Gil

Iria Rodríguez Ferreirós

Estela de Diego Cuesta

GONZALO PERALES GARAT

Vitaly Health and Services, S.L.

ADANTIA SL

María Yudani Pousada Ferradás

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 8: O día 24 de marzo de 09:30 a 14:30. Os días 07 e 14 de abril de 09:30 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 9: O día 21 de abril de 09:30 a 14:30. Os días 05 e 12 de maio de 09:30 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA